



## IV

*A narrativa de posguerra***TEXTOS***Percival e outras historias*

Xosé Luís Méndez Ferrín

A caravana deixaba o seu roteiro cunha longa caula gris, suxa e, de tempo en tempo, un corpo morto. Un ceo opaco deitaba craridade morriñenta.

Estaban as trallas sobre mulas famentas, a mover as patas xeadas co aceno triste das pantasma. Veleiquí que a caravana cantaba, que a caravana, sobre a neve, no camiño interminábel do desterro, cantaba: primeiro fora o laído dunha muller, segado por un salouco mollado, ostentosamente doído.

Cando findou o choro e comezou o canto? O lindeiro era borroso coma a brétema xeadá que escorrega polo lombo da serra, rachando nas agullas de cuarzo. Cando findou a sublevación e comezou a fuxida? Cando findou a victoria e diu comezo a morte? O lindeiro é borroso, igoal que o da marea outa e a marea baixa, os carros carregados de mulleres, diñamente tráxicas, de nons de ollos fríos e redondos, cheos ata o pasmo da imaxe da morte, renxían con persistencia ousesiva, perdéndose no largasío i estreito val o queixido dos chedeiros ao pé do queixido humán. Ninguén sabía a última razón da fuxida, da derrota. Fora todo tan súpeto! Pro Lao Rismy, o xefe, ben sabía e con craridade, o proceso lento da morte do seu pobo, da súa antiga nación. Dixéralle á súa muller unha noite:

– Sabes o que sería coutar o río Menk somente con area? Un intre semellaría interrumpirse a corrente, i encoraría a iauga, e faríase unha fonda presa. Pro cedo, moi cedo, había molecer a base mesma do muro e o Menk galloparía máis impetuoso que nunca o seu seco leite. Así é o noso pobo, leva no seu celme a descomposición moi avanzada. Somo unha raza vella e feble, e un levantamento non faía máis que apresar o noso fin.

*Memorias dun neno labrego*

Xosé Neira Vilas

Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel deborco todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas; para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendía. E outro tanto acontécese na do Landeiro. Eso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se desvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por enténdelo. Vexo sombras e luces, nubes que viaxan, lume, árbores. Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a aguda polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escribir nun caderno –quen o diría!-, é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre, pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.

Aínda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que conte. Smith estivo na guerra, e eu son apenas «o neno», como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz de aldea. Un ninguén.

## **CUESTIÓNS**

Estes dous fragmentos pertencen o período denominado *narrativa galega de posguerra*. Fai unha lectura destes textos e despois responde as seguintes cuestións:

1. Resume os dous textos (extensión aproximada: entre 3 e 5 liñas cada un).
2. Repara nos trazos máis característicos destes fragmentos e relaciónaos co seu período literario, histórico, cultural e sociolingüístico.
3. Responde de maneira argumentada se o texto de Ferrín se pode clasificar como pertencente á Nova Narrativa Galega.